



Índice Memoria Técnica

IN607E-AXUDAS PARA O FORTALECIMENTO E AMPLIACIÓN DAS CAPACIDADES DOS CENTROS TECNOLÓXICOS GALEGOS MEDIANTE O APOIO A CREACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN E DE ENSAIO E EXPERIMENTACIÓN

MEMORIA TÉCNICA (Letra Arial 11 puntos. Extensión máxima 50 páxinas. Formato pdf)

A través do memoria deberá xustificarse o carácter estratéxico das infraestruturas, a súa viabilidade técnica e o investimento solicitado.

1.1 Características técnicas e especificacións dos activos materiais inmateriais da proposta. Singularidade e carácter innovador . Viabilidade técnica.

- Descrición detallada dos activos materiais e inmateriais que forman parte da infraestrutura solicitada xustificando a súa singularidade e carácter innovador, así como a necesidade á que da cobertura e as melloras que supón sobre os recursos existentes. Xustificación de que non se producen solapamentos cos recursos xa existentes no Ecosistema Galego de Innovación. Achegarase ademais un cronograma da súa incorporación e xustificarase ademais a súa viabilidade técnica.

1.2 Xustificación da mellora da capacidade do centro

- a) No caso de infraestruturas de investigación (Unidade 1):
 - Novas liñas de investigación, especialmente as que se vaian a desenvolver en colaboración con empresas (en particular, pemes) orientadas a dar cobertura ás necesidades estratéxicas dos ámbitos prioritarios da RIS3 a nivel de cadea/s de valor.
 - Mellora do posicionamento internacional do centro no marco dos ámbitos prioritarios da RIS3 2021-2017 e das prioridades europeas.
 - Capacidade para atraer e reter talento (persoal cualificado doutor) vencellado ás novas infraestruturas de xeito directo e indirecto.
 - Formación do persoal do centro, xustificando a existencia dun plan de carreira profesional.
- b) No caso de infraestruturas tecnolóxicas (Unidade 2):

- Servizos innovadores que se prestarán ás empresas, especialmente ás pemes, xustificando o valor achegado para apoialas no desenvolvemento de produtos, procesos e servizos novos ou mellorados, ou para probar e expandir tecnoloxías a través da I+D+i nos ámbitos prioritarios da RIS3.

No caso de solicitudes que conteñan máis dunha unidade ao incluír infraestruturas de I+D e tamén tecnolóxicas, a información de cada unha delas achegarase de xeito diferenciado.

c) Deberá xustificarse, de ser o caso:

- a integración da perspectiva de xénero nas liñas de investigación e nos servizos vencellados ás novas infraestruturas para evitar sesgos.
- a orientación das liñas de investigación e dos servizos das novas infraestruturas:
 - á mellora da calidade de vida e á saúde da cidadanía
 - o Pacto verde
 - a Nova Bauhaus (no caso de edificacións)

1.3 Coordinación dos recursos. Potenciais sinerxías e complementariedades.

- a) entre infraestruturas de I+D e tecnolóxicas integradas en unidades diferentes dunha mesma solicitude dun centro.
- b) infraestruturas que se soliciten a esta convocatoria por diferentes centros: solicitudes coordinadas.
- c) con infraestruturas xa existentes no ecosistema galego de innovación para o desenvolvemento de ámbitos de priorización da RIS3· 2021-2027, especialmente coas infraestruturas singulares das universidades.
- d) cos recursos materiais (instalacións / equipamento científico-técnico) actuais do centro.
- e) potencial utilización das infraestruturas solicitadas en iniciativas estratéxicas da Xunta de Galicia (Civil UAVs, Planes Complementarios...).

1.4 Xustificación do orzamento: descrición detallada de cada un dos gastos solicitados xustificando a súa necesidade.

- No caso de achegarse na solicitude, incluírase ademais a descrición das diferentes ofertas tendo en conta a estrutura do modelo do anexo VI.
- Efecto incentivador:

Xustificación de como a axuda fará que a entidade solicitante emprenda actividades complementarias que non realizaría, ou que realizaría dunha maneira limitada ou diferente, de forma que a axuda supoña un aumento substancial dalgún/s dos seguintes puntos:

- Do alcance das actividades.
- Da cantidade total investida.
- Da súa velocidade de execución.



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos